

## **Plan de Convivencia da Escola Oficial de Idiomas da Coruña (2025–2028)**

### **ÍNDICE:**

1. Introducción e contextualización
2. Marco normativo
3. Principios, fins e valores
4. Organización da convivencia
  - Comisión de convivencia e igualdade
  - Coordinación de benestar e convivencia
5. Protocolos de actuación
  - Acoso escolar
  - Ciberacoso
  - Violencia de xénero, acoso sexual e LGTBIfobia
  - Benestar emocional
6. Dereitos e deberes
  - Alumnado
  - Profesorado
  - Persoal non docente
7. Medidas correctoras e restaurativas
8. Avaliación e seguimento
9. Guía breve do Plan de convivencia

## 1. Introducción e contextualización

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña é un centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. A súa oferta educativa abrangue o ensino de linguas estranxeiras en diferentes niveis, con presenza na sede principal e nas súas seccións de Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo, que manteñen a mesma identidade institucional e comparten un mesmo plan de convivencia.

A EOI da Coruña atende unha ampla diversidade de alumnado: persoas adultas, persoas mozas maiores de catorce anos e persoas que acceden por primeira vez a un ensino regrado de idiomas. Esta diversidade require un marco de convivencia adaptado á realidade dun centro de educación de persoas adultas, no que o respecto, a autonomía, a responsabilidade individual e o diálogo son eixes fundamentais.

O Plan de convivencia constitúe un documento esencial do proxecto educativo. É o instrumento que orienta as accións para promover un clima de respecto, colaboración e igualdade, e para previr e resolver de forma pacífica e restaurativa os conflitos que poidan xurdir.

O Plan intégrase co Plan de igualdade, o Plan de benestar e protección, o Plan de acción tutorial e a Programación xeral anual. A súa aplicación é obrigatoria para todo o persoal docente e non docente e para todo o alumnado da EOI da Coruña e das súas seccións.

## 2. Marco normativo

Este plan elabórase conforme á normativa estatal e autonómica vixente:

**Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006 de educación, que incorpora a educación en valores e a convivencia como un dos fins do sistema educativo.

**Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño (LOPVI)**, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, que establece a obriga de dispor dunha persoa coordinadora de benestar e protección nos centros educativos.

**Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa de Galicia.

**Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 e se regula a convivencia nos centros docentes sostidos con fondos públicos, establecendo os dereitos e deberes, as normas de convivencia e o procedemento para a resolución de conflitos.

**Orde do 22 de abril de 2022**, pola que se regula a figura da persoa coordinadora de benestar e protección nos centros docentes e se actualizan as directrices para os plans de convivencia.

**Lei 4/2023, do 28 de febreiro**, para a igualdade real e efectiva das persoas LGTBI e das persoas trans.

**Instrucións anuais da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos** en materia de convivencia, igualdade e benestar.

Tamén se teñen en conta o **Decreto 189/2010**, polo que se establece o regulamento orgánico das EOI de Galicia, e a **Orde do 5 de agosto de 2011**, que o desenvolve.

### **3. Principios, fins e valores**

A convivencia escolar baséase nos principios de respecto, igualdade, inclusión, diálogo e responsabilidade compartida. Estes valores inspiran todas as actuacións da EOI da Coruña e das súas seccións.

#### **Principios básicos:**

A convivencia é un dereito e unha responsabilidade de toda a comunidade educativa.

O diálogo e a mediación son as ferramentas prioritarias para a resolución de conflitos.

A educación en valores democráticos, igualdade e diversidade debe formar parte da vida do centro.

A prevención é esencial: un bo clima conséguese a través da participación e da comunicación aberta.

Todas as persoas merecen ser tratadas con dignidade e respecto, sen ningún tipo de discriminación.

### **Fins do Plan:**

Garantir un ambiente seguro, respectuoso e participativo.

Fomentar a convivencia positiva e a resolución pacífica dos conflitos.

Promover a igualdade de xénero e a inclusión.

Coordinar os órganos e servizos do centro para actuar ante situacións de conflito.

Desenvolver mecanismos de seguimento e avaliación continua.

## **4. Organización da convivencia**

A convivencia organízase arredor de órganos e figuras definidos pola normativa.

### **A comisión de convivencia e igualdade**

É o órgano de participación encargado de planificar, coordinar e avaliar as accións relacionadas coa convivencia.

### **Composición:**

A dirección do centro, que exerce a presidencia.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia.

Unha representación do profesorado.

Unha representación do alumnado.

Unha representación do persoal non docente.

### **Funcións:**

Elaborar, revisar e avaliar o Plan de convivencia e o Plan de igualdade.

Promover actividades preventivas e educativas.

Analizar as incidencias e propor medidas restaurativas.

Realizar o seguimento das medidas correctoras e restaurativas.

Redactar a memoria anual de convivencia.consello

Colaborar coa coordinación de benestar e co Consello Escolar.

### **Reunións e funcionamento:**

A comisión reunirase polo menos tres veces por curso: ao inicio (planificación), á metade (seguimento) e ao final (avaliación). Poderán celebrarse reunións extraordinarias ante situacións graves.

### **A coordinación de benestar e convivencia**

É unha figura con entidade propia que actúa como enlace entre os distintos órganos e garante o cumprimento da normativa en materia de convivencia e protección.

### **Funcións:**

Previr, detectar e coordinar as actuacións ante calquera forma de violencia ou acoso.

Canalizar comunicacións e colaboracións cos servizos externos de atención: EOE, apoios educativos, etc.

Promover o benestar emocional e o coidado da saúde mental.

Colaborar na formación da comunidade educativa.

Asesorar á dirección e á comisión de convivencia.

Velar polo cumprimento da LOPIVI e pola atención ás persoas menores de idade.

## **5. Protocolos de actuación**

Os protocolos recollen os procedementos ante situacións de conflito ou vulneración dos dereitos da convivencia. Todos seguen o modelo establecido pola Consellería.

**Protocolo de acoso escolar:** detección, comunicación inmediata á dirección, activación do protocolo, recollida de información, medidas de protección, plan de intervención e seguimento.

**Protocolo de ciberacoso:** conservación de probas, comunicación á coordinación de benestar, información á familia se é o caso dunha persoa menor de idade ou tutelada, medidas de protección e comunicación á inspección.

**Protocolo de violencia de xénero, acoso sexual e LGTBIfobia:** comunicación inmediata á dirección, protección da persoa afectada, confidencialidade, medidas preventivas e educativas e comunicación aos servizos externos.

**Protocolo de benestar emocional:** actuación ante situacións de malestar psicosocial, coordinación con servizos externos, e promoción de accións preventivas de educación emocional e saúde mental.

## **6. Dereitos e deberes**

### **Dereitos do alumnado:**

Ser tratado con respecto e dignidade;  
Recibir unha educación de calidade;  
Participar nas actividades e órganos do centro;  
Ser escoitado e presentar suxestións;  
Non sufrir discriminación nin violencia.

### **Deberes do alumnado:**

Respectar ás persoas e ás normas;  
Participar activamente no proceso educativo;  
Coidar o material e os espazos;  
Manter unha linguaxe respectuosa;  
Colaborar na mellora da convivencia.

### **Dereitos e deberes do profesorado:**

Exercer a autoridade educativa;  
Ser respectado polo alumnado;  
Promover o diálogo e a mediación;  
Participar nas accións de convivencia.

### **Persoal non docente:**

Colaborar na prevención;

Axudar a detectar conflitos;

Participar no desenvolvemento do plan.

## **7. Medidas correctoras e restaurativas**

As medidas correctoras teñen carácter educativo e buscan a reparación do dano.

O Decreto 8/2015 establece dous tipos de condutas: contrarias e gravemente prexudiciais.

**Condutas contrarias:** interrupción das clases, falta de puntualidade, desobediencia, deterioro leve de material, desconsideración.

**Condutas gravemente prexudiciais:** agresión, insulto, dano intencionado, acoso, discriminación ou incumprimento reiterado de normas.

**Medidas correctoras:** apercibimento oral ou escrito, compromiso de convivencia, suspensión temporal da participación en actividades, cambio de grupo e, se procede, anulación de matrícula.

**Procedemento:** comunicación da incidencia, análise pola coordinación de benestar, se procede, inicio de procedemento corrector instruído por un membro do persoal designado pola comisión de convivencia, proposta de medida, rexistro e seguimento pola comisión.

## **9. Avaliación e seguimento**

A avaliación realizarase de forma continua e anual.

Indicadores:

- Número e tipo de incidencias.

- Eficacia das medidas adoptadas.
- Grao de participación da comunidade educativa.
- Satisfacción xeral segundo enquisas e reunións.

A comisión elaborará unha **memoria anual de convivencia** que incluírá as propostas de mellora para o seguinte curso.

*Esta Plan de Convivencia foi revisado polo Claustro en xaneiro de 2026 e aprobado polo Consello escolar o ....*

## Guía breve do Plan de convivencia da EOI da Coruña

### Que é convivir

Convivir é compartir un espazo común con respecto e empatía.

Na EOI da Coruña e nas súas seccións de Arteixo, Cee, Culleredo e Carballo, convivir significa:

- aprender a través do diálogo,
- asumir responsabilidades,
- cooperar para crear un ambiente positivo.

### Dereitos de toda a comunidade educativa

- Ser tratado con respecto e dignidade, sen discriminación de ningún tipo.
- Recibir unha educación de calidade nun ambiente seguro e inclusivo.
- Expresar opinións e participar na vida do centro.
- Solicitar axuda ante calquera conflito ou situación de acoso, discriminación, etc.
- Acceder a canles de comunicación abertas e confidenciais co equipo do centro.

### Deberes básicos

- Respetar todas as persoas da comunidade educativa.
- Coidar o centro, as aulas e o material común.
- Cumprir as normas e axudar a facelas cumprir.
- Empregar unha linguaxe respectuosa e inclusiva.
- Participar nas accións e actividades de convivencia.

### Que facer ante un conflito

- Fala primeiro coa persoa implicada de forma tranquila e respectuosa.
- Se non se resolve, informa o profesorado ou á xefatura.
- O centro poderá activar, se procede, un procedemento correctivo ou un protocolo oficial.
- Todas as actuacións realízanse con confidencialidade e respecto.

*Lembra que* pedir axuda non é denunciar; é dar un paso para mellorar a convivencia.

## Canles de axuda e acompañamento

**Coordinación de Benestar e Convivencia:** referencia principal ante calquera problema.

**Equipo directivo:** garanten o cumprimento do plan e dos protocolos.

**Comisión de Convivencia:** analiza as incidencias, fai o seguimento e avalía.

**Profesorado e titorías:** primeira canle de apoio.

## Nas seccións de Arteixo, Cee, Culleredo e Carballo

As mesmas normas e protocolos aplícanse en todas as seccións.

Cada unha conta cunha xefatura e cun equipo docente de referencia que comunica coa sede central da Coruña e coa Coordinación de Benestar e Convivencia.

Toda a documentación tramítase de maneira unificada.

## Principios que guían a convivencia



A convivencia é educativa, non punitiva.



O enfoque é restaurativo: reparar o dano e restaurar o diálogo.



A participación é compartida: todos formamos parte da solución.



A prevención é clave: detectar e actuar antes de que o conflito creza.



A comunicación é confidencial, respectuosa e construtiva.

## En resumo



Respecta para ser respectado/a.



Coida o espazo común.



Participa e colabora.



Pide axuda cando o necesites.



A convivencia constrúese día a día, entre todas e todos.

*Esta Plan de Convivencia foi revisado polo Claustro en xaneiro de 2026 e aprobado polo Consello escolar o 20 de febreiro de 2026.*